

Concello de Outes

Expediente núm.- 192/2020

DECRETO DE ALCALDÍA

TRANSICIÓN Á "NOVA NORMALIDADE".

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña);

Considerando, o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e que obriga á adopción, a nivel da Corporación, de novas medidas preventivas, en virtude do cal, se adoptou o Decreto de Alcaldía núm.- 88/2020, do 16 de marzo, de adaptación de ditas medidas;

Considerando, a Resolución do 9 de abril de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que establece que "A prórroga someterase ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, e polo Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19";

Considerando, a finalización da vixencia do permiso retribuído recuperable, regulado no Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, publicado no Boletín Oficial do Estado do 29 de marzo de 2020 e trasladado ó Concello de Outes por medio do Decreto de Alcaldía 102/2020, do 31 de marzo;

Considerando o "Plan para la transición hacia una nueva normalidad" aprobado polo Ministerio de Sanidad o pasado 28 de Abril de 2020;

Vistas, as consideracións plasmadas no acordo asinado pola Alcaldía do Concello e os representantes sindicais dos traballadores da Corporación, con data do 7 de maio, de *Reincorporación progresiva do persoal do Concello de Outes cara á "nova normalidade"*;

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

En exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21.1 e) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Levantar a suspensión dos servizos públicos municipais, agás os referidos ao punto OITAVO deste decreto.

SEGUNDO.- A atención á cidadanía será preferentemente por vía telemática e telefónica se ben se permitirá a atención presencial motivada en razóns de urxencia e mediante cita previa. A cidadanía poderá dirixirse ó número de teléfono do Concello (981850003) e realizar a totalidade das súas xestións por medio da sede electrónica: <https://outes.sedelectronica.gal/info.0>

TERCEIRO. Todos os empregados públicos municipais cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, poderán prestar o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial (teletraballo), obedecendo as ordes e tarefas que se lle asignen e dando conta ao superior inmediato de cantas actuacións veña obrigado. Do mesmo xeito, estarán dispoñibles e localizables en horario laboral e acudirán, previo requirimento os seus superiores, presencialmente ó seu posto de traballo.

O resto de empregados incorporaranse aos seus postos de traballo a partir do día 11 de Maio de 2020, no horario habitual previo á declaración do estado de alarma.

A reincorporación de persoas de especial vulnerabilidade (diabéticos, enfermos pulmonares, persoas en tratamento de cancro, enfermos cardiovasculares, inmunodeprimidos e embarazadas) está exenta, previa solicitude dos mesmos e acreditación das situación de vulnerabilidade.

En cada departamento poderán establecerse quendas e medidas de flexibilización horaria, para reducir o contacto entre persoas.

CUARTO.- O persoal do corpo de policía municipal, continúa a estar baixo as ordes



Concello de Outes

directas do Ministro do Interior.

QUINTO.- Mantense a suspensión dos términos e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos administrativos. O cómputo dos mesmos reanudarase no momento no que perda vixencia a declaración do estado de alarma prorrogado, agás aqueles procedementos cuxa continuación permita a regulación feita a nivel estatal.

SEXTO.- Mantense a Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19, integrada da forma descrita no Decreto 88/2020, e coas mesmas funcións de información e coordinación, con convocatoria presencial unicamente en situacións de extraordinaria necesidade.

SÉTIMO.- Levántase a suspensión das sesións periódicas dos órganos colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Pleno da Corporación), que en todo caso serán celebradas nos termos previstos no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

OITAVO.- Mantéñense as seguintes medidas adoptadas no Decreto de Alcaldía 2020-0084:

1. Suspensión das actividades deportivas, culturais, sociais, etc... organizadas ou autorizadas polo concello.
2. Peche ó público, das seguintes instalacións municipais: Punto de atención á infancia; Casa da cultura (agás a Biblioteca, que permanecerá aberta con observación das medidas hixiénicas preceptivas); Complexo deportivo municipal e piscina; Pavillóns municipais da Serra e do Cruceiro de Roo, Campo de fútbol do Cunchido, Centro Náutico do Freixo, Centros socioculturais.
3. Suspensión da celebración de mercadiños ou feiras en vías públicas do concello.



Concello de Outes

NOVENO.- Manter a vixencia dos certificados de empregado público expedidos a todos aqueles traballadores que precisen desprazarse ao centro de traballo nos termos disposto nos apartados anteriores. O empregado público que, non estando nos supostos autorizados, faga un uso indebido deste salvoconduto para xustificar un desprazamento, incorrerá na responsabilidade correspondente segundo a lexislación vixente.

DÉCIMO.- Dar publicidade deste decreto mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.

Outes, na data que figura á marxe;

O Alcalde,
D. Manuel González López.

Perante min,
Secretaria da Corporación,
D^a Míriam Naveira Dono.

